

Documento distribuído por



O xornalismo de Tereixa Navaza, un oficio de vivir

Carme Vidal Lage

Data de publicación: 09-04-2014



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)

Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

O XORNALISMO DE TEREIXA NAVAZA, UN OFICIO DE VIVIR

Carme Vidal Lage

Xornalista

Integrante da Comisión de Igualdade do CCG

A imaxe de Tereixa Navaza condúcenos ás orixes dos medios audiovisuais producidos en Galiza. Ningún soporte comunicativo ten a capacidade de popularización que posúe a televisión. Para varias xeracións, a miña tamén, a de Tereixa Navaza é das primeiras imaxes populares que a televisión xenerou. Por vez primeira, os referentes televisivos xa non viñan de fora, creábanse aquí, no centro territorial de TVE de Galicia, e cobraban unha forza inusual na construción de imaxes colectivas. Se a radio fixo que Tereixa Navaza fora a voz de Galiza en todo o Estado, a televisión outorgoulle a singular condición de persoa popular, de imaxe propia nun país no que, ate o momento, eses referentes adoitaban vir de fóra, de programas e informativos que tiñan o seu cerne máis alá das nosas fronteiras.

O poder da televisión converteu a Tereixa Navaza en persoa popular, na muller que transmitía as informacións referidas a Galiza nun informativo do que ela era a imaxe máis coñecida. Tereixa é, na nosa imagoloxía particular, unha das primeiras caras da televisión que se expresa en galego, que nos ofrece noticias próximas e na nosa lingua.

O poder desa memoria televisiva é forte e sólido e, dalgunha maneira, conduce a construción da trascendencia da traxectoria de Tereixa Navaza. A televisión converteuna en persoa popular e é esa faceta a que domina con singularidade a súa pulsión xornalística. Mália iso, compre defender que a paixón pola comunicación da nosa protagonista é ampla, completa. Estamos diante dunha muller pioneira na presenza nos medios, un dos nomes da radio contemporánea galega e tamén unha das mulleres

que, singularmente, comeza a irromper nos medios escritos en xéneros de claro dominio masculino como a opinión. Ocupámonos aquí da faceta máis descoñecida de Navaza, a do xornalismo escrito nos máis diversos xéneros.

Á hora de titular esta intervención que nos levará a achegarnos ao xornalismo escrito de Tereixa Navaza veume á cabeza unha frase que unha xornalista tamén pioneira escribe en 1973 na introducción dun libro que é a súa memoria na profesión. Trátase de M^a Luz Morales, natural da Coruña e primeira directora dun diario cando o comité de empresa de La Vanguardia lle pide que se poña á fronte da cabeceira despois do golpe militar do 36. En “Alguien a quien conocí”, o libro-reconto das figuras que atopou na súa profesión xornalísticas, aqueles aos que entrevistou, Morales escribe “A verdade verdadeira, soños aparte, é que sobre esta terra que pisamos, eu non debín querer, non quixen ser outra cousa que isto que humildemente son: simple e chanamente, xornalista”.

A frase adáptase perfectamente a nosa protagonista. Ao noso ver, para Tereixa Navaza a profesión é un oficio de vivir, a maneira de estar no mundo que, en certa medida, lle acae coma unha segunda pel. Con menos de vinte anos, en 1965, comeza como locutora en Radio Galicia-Ser, esa escola na que será a muller máis nova de toda a cadea e na que partillará micro con persoas como Isabel Carou, Arturo Rei, Joaquín Prat, Pepe Domingo Castaño ou Iñaqui Gabilondo. En 1973 comeza a traballar nun novo centro territorial de Televisión Española en Galicia, poñéndolle cara a ese incipiente programa chamado “Panorama de Galicia” nunha pantalla na que, outra volta, se converte na primeira imaxe feminina, compaxinando o seu traballo na radio ata 1980 no que se inclina pola dedicación á televisión, con centro territorial situado no mesmo edificio no que agora nos atopamos.

Esta traxectoria no mundo audiovisual conforma a Tereixa Navaza que galegos e galegas coñecemos, á muller que cada día nos ofrece as noticias que teñen a súa orixe no noso territorio. Desde a pantalla pódese intuír mais descoñécese, que a xornalista que transmite as informacións máis próximas dunha pantalla que só con ela nos achega ao galego é unha muller comprometida cos dereitos sociais e políticos e, en especial, co feminismo, no que comezará a militar ao pouco da creación da Asociación Galega da Muller (AGM). Na súa revista *Andaina. Revista do movemento feminista galego* nacerán

as súas primeiras colaboracións escritas, xa desde o número 0 no que a súa sinatura aparece cun artigo titulado “A muller no cine” no que Navaza nos achega ás dificultades das mulleres para se desenvolver na industria cinematográfica. O cine, unha das paixóns da nosa protagonista, será, cun punto de vista de xénero, o motivo dese primeiro artigo que, máis unha vez, nos remite de novo a M^a Luz Morales, a directora de La Vanguardia apaixonada tamén polo cine arredor do que desenvolveu un amplo traballo xornalístico, desde a súa condición de crítica en cabeceiras como Films Diversos ou mesmo como autora da monumental Enciclopedia de Cine

Inicial é tamén, no seu xornalismo escrito, a publicación no semanario “A Nosa Terra”, do artigo, “Violación: odio e desprecio contra a muller”, un texto que ve a luz en 1984 no que a autora asina un artigo no que denuncia un dos temas que estaban na axenda do movemento feminista galego.

Será, pois, esa condición militante, que acompañará toda a súa traxectoria, a que poña o pórtico a ese primeiro achegamento ao xornalismo escrito, aventurando xa as dúas facetas que definirán a súa presenza na prensa. Atopámonos cunha Tereixa Navaza cunha xa dilatada traxectoria no xornalismo audiovisual, cun nome xa coñecido, que aparece no papel impreso a través de dous xéneros xornalísticos: a opinión e a entrevista.

A escolla de Tereixa Navaza por esta aparición na prensa non é gratuita. Responde, máis unha vez, ao seu perfil de xornalista audiovisual comprometida. Por unha banda, Navaza opina, asina artigos nos que, como posteriormente veremos, camiñan polas súas inquedanzas e as súas preocupacións en temas que, en certa medida, definen a súa personalidade. A xornalista achéganos a cuestións do ámbito cultural, á política internacional –nomeadamente con preocupación por América Latina e os países árabes– e tamén de índole social cunha forte presenza, claro está, polos temas da axenda do feminismo. Pola outra, Navaza entrevista, ofrécenos por escrito un dos xéneros naturais do xornalismo audiovisual, a entrevista, que mesmo chegou a ser cuestionada nalgún momento como xénero escrito.

A presenza en prensa condúcese en paralelo a unha imaxe televisiva cada vez máis sólida. Se a retransmisión en directo da chegada dos restos de Castelao a Galiza en 1984

supón un fito na historia do noso xornalismo, na imaxe de Tereixa Navaza constitúe unha marca que irá xa para sempre canda ela. O dominio do medio, a valentía, o saber facer, o control do directo e a personalidade da xornalista, que le textos ao vivo de Sempre en Galiza nun acontecemento no que a carga policial reventa o acto, imponse de maneira singular, convertendo xa para sempre, a de Tereixa Navaza na voz que dá título a esta xornada, A VOZ DA LIBERDADE, en lenda escrita por Xosé Luís Méndez Ferrín nun artigo dedicado á xornalista.

O cese de Alexandre Cribeiro, director do Centro Territorial da TVE en Galiza será só a avanzada do que logo acontecerá con Tereixa Navaza, un episodio de censura que cuestionou os medios de comunicación públicos en todos os ámbitos, desde as rúas até o Parlamento. A mesma Tereixa Navaza que le no Obradoiro o 27 de abril de 1985 o manifesto da Coordinadora Nacional do Movemento Feminista arredor do dereito ao aborto ou pon voz ao comunicado da Plataforma de Defensa do Sector Naval no mesmo emblemático espazo das grandes mobilizacións será a que, tempo despois, protagonice a manifestación en protesta contra a dirección do centro territorial da TVE de afastar á xornalista de pantalla, converténdoa en voz en off e muller do tempo nun claro intento de tirarlle protagonismo a quen non tiña problema en “ceder” a súa popular imaxe a causas de reivindicación social e política.

En 1989, baixo a dirección de José María Villot, Tereixa Navaza é retirada da presentación de Panorama de Galicia. As mobilizacións na súa defensa e pola liberdade de expresión un episodio a reseñar na historia contemporánea do xornalismo e a reivindicación dos dereitos sociais. Numerosos apoios desde o propio comité de empresa ate intelectuais e xornalistas, artigos de figuras do mundo da cultura como Ferrín ou Lueiro Rei, preguntas parlamentares ou a propia manifestación fixeron da destitución de Tereixa Navaza un acontecemento público que daba tamén a medida da popularidade da protagonista. O 30 de xaneiro tivo lugar a marcha que, co nome de “Manifestación Nacional en Defensa da Liberdade de Expresión e en apoio a Tereixa Navaza” se organizou en Santiago a iniciativa da Coordinadora Nacional de Organizacións Feministas convocada por dezasete organizacións e colectivos sociais. Mália todo, Navaza convértese na máis popular muller do tempo que adubía a información meterolóxica con novas sociais e políticas e que, cando lle proiben opinar mentras fala das isobaras, pasaría a ser a voz en off de imaxe máis coñecida. “Eu

quixera que hoxe, María Teresa, as miñas liñas fosen unha axitaa e nutrida chuvia delanzas en combate (a defensa é lícita, a defensa é revolucionaria, a defensa pode ser o punto de partida da victoria) caendo certeiras sobre o peito dos abutres que aínda manteñen vivas as raíces do franquismo”. Así comeza o escritor Lueiro Rey o seu artigo titulado co nome da xornalista, un dos moitos sinais de apoio que recibe naquel momento.

Nunha entrevista con Lino Braxe publicada en El Correo Gallego de 1994, Navaza afirma que para ela “os momentos máis gratificantes como profesional en TVE en Galicia foron as diferentes etapas de Luis Mariñas, Alexandre Criebeiro e Manuel Lombao como directores do noso centro territorial. Durante as súas xestións houbo osíxeno. A liberdade do redactor estaba asegurada. Non había censura, nin supervisores que viñesen a interromper a creación individual. Os tres souberon que, eu non era manipulabel e xogaron a deixarme facer cousas. Desgraciadamente esta confianza da empresa nos seus traballadores foise perdendo cos anos, e hoxe en día é unha das traxedias que invadiron todos os medios de comunicación do Estado”.

Esa liberdade é que a que conduce a súa actuación tamén na prensa escrita, cando a muller popular da televisión asina artigos de opinión en medios de comunicación en seccións nas que as mulleres apenas aparecen. Opinión e entrevistas son os xéneros que visita na revista Andaina onde a visión de xénero pasa a primeiro plano para publicar arredor da película sobre a vida de Janis Joplin, sobre o aborto, “Pacifismo versos feminismo” ou conversas con mulleres destacadas polo seu traballo profesional ou mesmo pola súa participación no feminismo.

En 1991 Tereixa Navaza comeza a escribir en La Voz de Galicia con artigos de opinión, nunha colaboración que durará ata 1994 e na que a xornalista volverá sobre os seus temas, análise de actualidade internacional, reivindicacións sociais e artigos arredor do mundo cultural, con especial presenza de artigos sobre temas do debate feminista.

Aparece Teresa, pois, no xornal diario de máis tirada dos publicados na Galiza cunha presenza periódica que lle permitirá introducir unha voz diferente e claramente feminista nun ámbito de evidente dominio de autoría masculina.

Entre 1991 e 1994 a sinatura de Tereixa Navaza atópase en distintas páxinas do xornal, ben no medio de seccións informativas como unha peza de opinión tanto en , Comunicación e Sociedade, Sociedade e Cultura como en Sociedade e, singularmente noutras como Santiago, Galicia ou Laboral, ou ben nunha páxina dedicada exclusivamente á opinión.

En “Comunicación e sociedade” inicia a súa presenza o 17 de abril de 1991 co artigo titulado “Rambo”. Análise da Cultura como reflexións arredor dos Cadernos da Escola Dramática Galega ou a canción protesta, movementos sociais como feminismo e pacifismo ou mesmo a comunicación son os primeiros temas que a xornalista aborda no seu papel de opinadora.

O groso de artigos de Tereixa Navaza en La Voz de Galicia atópanse, na sección de Colaboracións, onde se publican un total de 57 que tratan temas diversos, de carácter internacional como os Tupac Amaru, o “Viaxe ao Cairo”, “Guatemala: a violencia permanente”, “Sandino e os sandinistas” , “Kissinger e as isobaras” ou “Exipto, na procura doutro Kaiser” alén doutros de cultura como “Valle Inclán e Lueiro: sempre rebeldes”, do ámbito social, en “Represión, fame e morte”ou arredor do propio xornalismo. “Bonecas”, Dignidade da muller” , “Sexa feliz sendo fermosa” e “Muller e publicidade” son algúns dos artigos con temática claramente feministas e con atrevidas afirmacións que publica nesta sección de La Voz de Galicia.

Entre xaneiro de 1992 e decembro de 1993, os artigos de Navaza aparecen na sección de Sociedade na que, outra volta, publicará arredor dos seus temas de sempre, política internacional, cultura e sociedade feminismo. “Carlos Maside, “Teólogos da pobreza”, “Aborto e autodeterminación”, “Os psicólogos de Galicia”, “A Europa do Bundesbank”, “Historia do desafío”, “O pobo terá fe en nós” , “Insubmisión” ou “M^a Xosé Queizán” son algúns dos títulos dos artigos deste tempo.

Pasará logo a “Sociedade e cultura” onde publicará: 22 artigos, “Marina Mayoral”, “Carpentier e a arquitectura” “Polanski, Chile e maila cultura”, “Luis Seoane: a ética do tempo”, “O introductor de Brecht”, “O románico en perigo”, “Unha sindicalista rexa e tenra” ou “Dereito a vivir e a morrer” son algúns dos títulos dos textos publicados nesta sección.

“Que lugar lle quedará aos marxidados no futuro” na sección de Santiago e “Isto é Hollywood”, unha simpática comparativa dos candidatos que concorren ás eleccións en 1992 coas figuras do cine en Galiza e “Fachenda para destruír” en laboral serán tres artigos da autora que, singularmente, aparecerán noutras seccións do xornal.

En “Comunicación e sociedade”, os artigos de Tereixa Navaza saen publicados en cursiva, no medio de informacións da seccións. É o único artigo de opinión que se publica na páxina. Na sección de Colaboracións, a súa sinatura aparece nunha páxina con outros textos de opinión e as ilustracións de Pepe Carreiro ou Xaquín Marín e, nalgún caso, de Chumy Chuméz. Comparte páxina con Francisco Fernández del Riego, Carlos Luis Rodríguez e Fernando Jauregui, entre outros, sen presenza fixa de colaboradores. Durante todo o tempo que Tereixa colabora nesta sección, só aparecen dous nomes de mulleres, o de Carme Blanco e nun artigo único titulado “Aborten este aborto” o de Ana Liste .

De xulio de 1992 a xulio de 1994 os seus artigos aparecerán tamén na sección de Sociedade e Cultura mais será o tempo no que a Voz deseña a páxina titulada “Columnas” dentro da sección de sociedade cando a súa presenza sexa máis formalizada. Recóllense nesa páxina seis artigos en tres columnas de dúas pezas cada unha con seis sinaturas fixas que se publican cada domingo e nas que M^a Tereixa Navaza será a única muller. Xesús Alonso Montero, Miguel Cancio, Manuel-Luis Casalderrey, Suso de Toro e José Luís García López son os cinco homes que compartirán páxina coa xornalista.

Varias son as características que definen os artigos de opinión de Tereixa Navaza. A primeira delas, o uso monolingüe do galego. Os seus artigos de opinión aparecen publicados no seu conxunto en galego, en medios como La Voz de Galicia cunha presenza mínima da nosa lingua. O segundo rasgo é , como antes dicíamos, a variedade temática, con especial referencia aos ámbitos da cultura, sociedade e internacional e con singular presenza dos temas da axenda do feminismo. En terceiro lugar, a documentación arredor dos temas dos que fala. Tereixa Navaza escribe sempre sobre asuntos que coñece e introduce datos que dan corpo á opinión. Nunha entrevista con Genma Sesar en El Correo Gallego en xuño de 1997, Navaza defendía, neste sentido, a

condición da xornalista de coñecer a realidade para transmitila. Como características para ser xornalista sinalaba “moita vocación porque se isto non te gusta é difícil, prepararse moito, aprender o máximo posible, e o que non se saiba preguntalo a especialistas sen vergoña; facer un traballo ben feito, porque non hai seccións máis ou menos importantes, senón que o fundamental é o traballo documentado, ser crítico, ético e ter respecto. Se tes condicións e falo con honestidade, obtes unha satisfacción incomparable, que alguén siga o que fas”. Esas condicións que ela sinala para o xornalismo agroman tamén nos seus artigos de opinión, os datos e o coñecemento do que a leva a opinar.

A cuarta característica do xornalismo de opinión de Tereixa Navaza sería, sen dúbida, o seu carácter reivindicativo, a linguaxe directa e atrevida, o compromiso coas ideas que defende, a liberdade, en definitiva, da que fala nesta xornada. “Escoitaba ó señor Ramilo, patrón da Confederación Empresarial Galega, e non me estrañou o seu discurso pero si o ton empregado. Pensei que resucitara o xeneral e estaba a da-las ordes para enfrontar a medio país co outro medio. Ramilo non quere folgas nin sindicatos” comenta nunha columna que se publica ao pé da información da folga xeral e dun artigo do daquela secretario xeral da INTG-CIG, Manuel Mera. Tereixa remata o artigo cun “Nada paga a pena se o home non é dono do seu destino”.

Tamén o humor e a ironía teñen cabida nos artigos de Navaza e, neste sentido, a súa querencia polo cine lévaa a facer en “Isto é Hollywood!” unha comparanza dos políticos que concorren ás eleccións con figuras de cine. Con Fraga fala dos dinosaurios de Spielberg e do gran timonel, para Beiras refírese a Saron Stone en Acosada, Antólín Sanchez Presedo sería Billy o neno e Camilo Nogueira e Anxo Guerreiro fanna pensar en Atracción fatal. “Sempre fun unha apaixonada do cine. Facíame soñar con mundos mellores, menos abafantes –pese á censura- nos tempos negros do xeneral. En plena campaña electoral recorro ao cine para facer un esbozo dos candidatos”, explica da súa parábola.

A antoloxía de artigos de Tereixa Navaza lévanos por terras abondosas e variadas. De Luís Seoane a Lueiro Rei, de Castelao a M^a Carme Krukengber, de Maside a Lidia Senra ou dos teólogos da Liberación a Rafael Dieste. Visita as preocupacións que atacan

unha conciencia situada claramente á esquerda, a xustiza social, as desigualdades, a reivindicación da normalización lingüística ou a defensa dos dereitos cívicos.

A xornalista proporase como unha voz feminista con claridade nos medios, tamén na súa presenza na prensa escrita. A defensa do aborto en artigos como “Bonecas”, situaraa de maneira rotunda na portavocía dun dereito que carece de sinaturas que o defendan no medio. “Non existir unha lei de prazos ou, mellor, o dereito ao aborto, é colaborar co engano. Os homes socialistas non poden converterse en portavoces dunha cultura machista e opresora que negocia cos nosos intereses de clase e de sexos. ¡Non nos sigan a negar o dereito a decidir con liberdade!” escriben o 8 de marzo de 1992.

O oficio da xornalista dá a man neste ámbito con maior forza aínda a súa condición de muller comprometida e xenera así un conxunto de artigos singular no xornalismo de opinión galego, partindo dunha toma de postura que ela defende tamén na xustificación da escrita xornalística. Así, no artigo “Xornalismo e obxectividade” dá conta dunha conferencia de Norman Gorin e repite entrecomiñadas as súas palabras: “A obxectividade non existe. Cada un ten unha idea e un sentimento das cousas. Todos somos deudores de prexuízos, historias persoais.. O importante é tratar de conseguir unha situación que sexa o máis obxectiva posible. Sen dúbida, un xornalista que se precie tratará, sempre, de contrastar as súas informacións”. Tereixa Navaza conclúe: “Algo que parece están a esquecer algúns directivos de medios públicos deste país”.

Nunha entrevista con Lino Braxe en El Correo Gallego en 1994, Navaza explica as condicións do seu xornalismo escrito: “O ter que axustarte a un espazo determinado esixe do profesional un grande exercicio de concentración. Eu tento que os meus artigos e as miñas entrevistas teñan ironía, beleza e vida. Non sempre é fácil, e ás veces pode supoñer que os lectores manden os seus escritos a “Cartas ao director” para rebater as miñas opinións, pero penso que isto é bo, porque permite ver unha sociedade que permanece viva e que ten diferentes opinións sobre as cousas que lle preocupan”

Refírese Tereixa Navaza ao outro xénero no que se atopará con importantes figuras, en especial do mundo da cultura, con quen desenvolverá conversas transcritas en formato pregunta-resposta, a fórmula, por outra banda, máis apegada ao medio audiovisual e, sen dúbida, o xénero que máis bebe do xornalismo da radio e a televisión. Na segunda

etapa de Andaina que aparece co nome de “Revista do movemento feminista galego” e El Correo Gallego, en especial o seu suplemento semanal Compostela 93 serán as cabeceiras nas que Navaza publicará boa parte das súas entrevistas. Marina Mayoral, Luma Gómez, Aurora Marco, Mercedes Carreño, Lidia Senra ou Lola Herrera son algunhas das entrevistas publicadas en Andaina mentres que o ámbito cultural centrará as publicadas en El Correo Gallego con nomes como Daniel Barenboim, Bill Jacklin, López Calo, Cristóbal Halffter, Eugenio Granell, Nacho Duato, Clotilde Rodríguez Martull, Carlos Pajares, Héctor Alterio, Milladoiro ou os representantes das organizacións non gubernamentais latinoamericanas Xesús Orbeago e Hugo Fernández, todas figuras relacionadas coa cidade de Compostela nese ano 1993 no que o camiño foi declarado Patrimonio Cultural da Humanidade pola Unesco.

Faltan aínda trece anos para que M^a Teresa Navaza dirixa o programa da TVE-G “Arredor de nós” no que entrevista a doce personalidades da vida cultural, política e social galega con espazos e cuestionarios en profundidade que partían do mesmo concepto que a xornalista defende no seu quefacer e que preside tamén a elaboración dos traballos publicados en prensa.

“Para ser xornalista hai que saber un pouco de todo, tenche que gustar o teu traballo, debes dedicarte moitas horas, tratar de informarte acerca do tema sobre o que vas falar e saber quen é a persoa á que pretendes entrevistar. Desde logo, está moi claro que se gozas con algo que escribes nun xornal ou falas na radio e a televisión o lector, o ouvinte e o telespectador tamén gozan” explícalle a María Alonso nunha entrevista de Atlántico Diario en 1988. Aí están as bases da súa actuación xornalística, en especial, da práctica das entrevistas tanto televisivas como na prensa na que o coñecemento da persoa entrevistada, as referencias empregadas, o respecto a quen ten diante mais a capacidade para retratar o personaxe se imponen nunhas páxinas nas que, como ela di, as persoas lectoras “gozan” como “goza” quen a fixo.

Se collemos, como exemplo, a entrevista publicada por Navaza en El Correo Gallego ao artista Eugenio Granell atopamos esas características que fan da entrevista un documento para o futuro e unha lectura non só informativa senón tamén literaria.

“Despois da guerra civil, en Galicia, ninguén sabía quen era Eugenio Granell. Como ben escribiu Díaz Pardo, para a exposición que na Coruña montou Antonio Garrido, aquí en

Galicia verdadeiramente non se sabía nada, nin de Eugenio, nin de Souto, Colmeiro, Seoane, nin de Castelao. Non era menor o descoñecemento que se tiña de todo o que acontecía no mundo” comeza no encontro cun artista que rexurdía do seu esquecemento mais que a entrevistadora coñecía e polo que sentía grande curiosidade, como mostra nas múltiples referencias empregadas do seu entorno, desde Camilo Díaz ate Mireia Dieste.

Entrevista e opinión, polo tanto. Dous xéneros que levan a Tereixa Navaza dos seus inicios na comunicación audiovisual á presenza nos medios escritos, cunha actividade que responde, como vimos de ver, a súa condición de xornalista de televisión e radio e muller comprometida que confía na capacidade de denuncia dos medios, faceta esta que recolle xa do seu xornalismo televisivo e que comprobamos, poño por caso, na recuperación da súa denuncia á utilización dos enfermos mentais de Conxo como man de obra barata nunha reportaxe dos anos oitenta que constitúe agora materia do recente documental realizado arredor da historia do centro.

Para rematar, quixera citar un fraamento dunha entrevista que o seu amigo Xosé Luis Alvite lle fai en 1993 a Tereixa Navaza para La Voz de Galicia e que, ao noso ver, retrata de forma entusiasta, a personalidade desta muller xenerosa, valente, vital e comprometida que ela é. Pregúntalle Alvite se a van sacar do faiado:

“Se non me sacan, monto alí a festa.

-E a quen convidarías, María Teresa?

-Levarei un mendigo, unha prostituta, un drogadicto, un insumiso, un médico condeado por aborto, un cura casado e ao seu fillo, unha muller maltratada, un homosexual, un ecoloxista, unha lesbiana, un músico, un cego, un actor e mandarí un convite á tumba de Buñuel para que repetise no meu fallado, a cea dos mendigos de *Viridiana*. E sei que virás a miña festa...”

Sen máis, agardando ter os valores necesarios para sermos convidadas á festa de M^a Teresa Navaza no seu faiado.

VIDAL LAGE Carne: “O xornalismo de Tereixa Navaza, un oficio de vivir”. Relatorio presentado na xornada *Tereixa Navaza. A voz da liberdade* organizada pola Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, 25 de outubro de 2012